



ORZAMENTOS E PLAN DE ACTUACIÓN 2025

**FUNDACIÓN PÚBLICA
CIDADE DA CULTURA DE
GALICIA**

Data de aprobación: Padroado do 19.12.2024



fundación cidade
da cultura de galicia



ORZAMENTOS E PLAN DE ACTUACIÓN 2025

1.- MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO

1.1. Descrición da entidade

1.1.1. Obxectivos

1.1.2. Medidas, actuación e indicadores

1.2. Investimentos

1.3. Territorialización

1.4. Previsións orzamentarias e financiamento

1.4.1. Previsións Orzamento de Explotación.

1.4.1.1. Ingresos

a) Vendas e outros ingresos de explotación.

b) Transferencias e subvencións e explotación recibidas.

1.4.1.2. Gastos

a) Gastos de persoal

b) Servizos exteriores

c) Amortización

1.4.2. Previsións Orzamento de Capital.

1.4.2.1. Orixes

a) Transferencias e subvencións de capital recibidas.

b) Remanente de Tesourería

1.4.2.2. Aplicacións

a) Adquisicións de inmovilizado non financeiro.

b) Adquisicións de inmovilizado financeiro.

1.4.3. Financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación

2.- Estados financeiros: Balance, Conta de Resultados e Estado de Fluxos de Efectivo.

3.- Plan de Actuación (segundo modelo do plan contable para entidades sen fins lucrativos)



1.- MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO

1.1. Descrición da entidade

A Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 08/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a "creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nos estatutos, os cales foron modificados coa autorización do Consello da Xunta mediante acordo adoptado o día 24 de setembro de 2015. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación de aplicación en cada momento.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades (artigo 7 dos seus estatutos):

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.



d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.

1.1.1. Obxectivos

Os presentes orzamentos e plan de actuación debe encadrarse no PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030 (aprobado polo Consello da Xunta o día 10 de marzo de 2022):

Eixe 4: Cohesión Social e Territorial

Prioridade de actuación. PA03. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír una sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.

Obxectivo estratéxico/instrumental: E01. Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.

Obxectivo operativo 0003. Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar una estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.

No exercicio 2025, cinco son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

- 1) No eido da **promoción e comunicación**, estes orzamentos dan resposta ás seguintes necesidades:

A previsión dun impulso ao programa de itinerancias expositivas, que conleva a organización de accións de comunicación (roldas de prensa, anuncios e medios, campañas de promoción), así como a produción de materiais de comunicación para as mostras que se exhiben fóra da Cidade da Cultura.



A decisión de ampliar as REGA – Residencias Artísticas do Gaiás.

O Centro de Artes Dixitais como principal proxecto constructivo, e que conleva a pertinente comunicación desta infraestrutura.

A responsabilidade da xestión da comunicación das actividades sitas na Cidade da Cultura e o incremento da demanda dos servizos de deseño por parte da Fundación.

O encarecemento das tarifas de publicidade online e de publicidade exterior

- 2) No que atinxe á **programación cultural**, os eixos da programación cultural sintetízanse, en seis capítulos principais (exposicións, música e escena, apoio á creación artística, letras e pensamento, actividades en familia, e visitas-accións divulgativas). A Cidade da Cultura, coa planificación orzamentaria do ano 2025, segue a favorecer e promocionar os procesos de creación e xeración de contidos en todos os eidos das artes e a cultura, converténdose nun produtor de contidos de calidade, especialmente expositivos, para espazos culturais de Galicia e do exterior, e establecendo pontes e relacións bidireccionais entre o Gaiás e outras institucións e realidades, consolidando á Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego. Neste senso, destaca á aposta polos seguintes programas de apoio á creación artística (programa de Residencias artísticas e literarias, xa iniciado no ano 2021 ou a XIV edición do Encontro de Artistas Novos), así como ás itinerancias das exposicións producidas pola propia Fundación ("Camiño Portugués", "Vía da Prata", "Müller"...). Dentro das liñas de acción do Plan Estratéxico (Acción 1.1.4: Proxecto "Ollándonos"), abórdase a valorización de coleccións e legados artísticos de autores galegos, promovendo a súa visibilidade e reivindicación. Nese contexto sitúanse dúas exposicións individuais sobre artistas da nosa autonomía, ou a mostra sobre o estudo das estacións do ano na arte galega, dos séculos XX e XXI. Destacar tamén a aposta polos contidos dixitais no eido expositivo, que se reforzan de cara ao ano 2025: ampliación das experiencia de realidade mixta (de produción propia da Fundación), continuidade do *Galiverso*, e exhibición dunha mostra sobre os cambios dixitais e tecnolóxicos dos últimos trinta anos, en colaboración con outras entidades culturais. Esta planificación enlaza cos obxectivos do plan estratéxico (Acción 1.1.1), adiantando o camiño para futuros contidos do Centro Galego de Artes Dixitais. Por outra banda, no resto de eventos culturais, darase continuidade a programas xa consolidados de programación familiar (Nadal no Gaiás, Pequiefilmes), das visitas e accións divulgativas e medioambientais, e dos ciclos como Atardecer no Gaiás, Escenas do Cambio ou Cidade Imaxinaria.
- 3) Polo que respecta ao **Centro de Emprendemento**, orientaranse as iniciativas e accións para que as entidades residentes ou futuras que desexen formar parte da rede emprendedora situada no Gaiás, poidan ter unha maior presenza na propia programación cultural que se deseña dende a Cidade da Cultura de Galicia.
- 4) No que atinxe á **rendibilidade dos espazos mediante a súa posta en valor económica**, procurárase dar solucións ás distintas iniciativas culturais e tecnolóxicas, tanto temporais como permanentes, que queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás. A posta en funcionamento de elementos comúns do Edificio Fontán (auditorios, pequenas aulas) ao longo do ano 2022, provocou un aumento da oferta de espazos, o que conleva un incremento correlativo tanto do servizo de eventos, como dos ingresos da Fundación de carácter patrimonial, moi evidenciados nos últimos dous exercicios (coa cifra de máis de 700 eventos organizados nas instalacións da Cidade da Cultura de Galicia no ano 2023). No 2025 incorporarse un novo espazo, o denominado "Campo de Ocio", situado na banda sur-leste da área urbanizada da Cidade da Cultura de Galicia, novo recinto exterior para o seu goce e utilización pola cidadanía e entidades que o soliciten.



5) Finalmente, e no capítulo de investimentos, varios son os proxectos de interese cunha execución importante no ano 2025, aliñados cos obxectivos do II Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia e de forte aposta pola loita contra o cambio climático:

- **Centro de Arte Dixital de Galicia.** Seguen a estar operativos os argumentos expostos na memoria dos orzamentos do exercicio 2024: Creación do centro na planta inferior do Edificio Fontán dotándoo de espazos e equipamentos punteiros no eido da creación dixital. Nel, desenvolveranse actividades innovadoras de apoio á creación dixital, á investigación en torno as novas disciplinas artísticas e á formación e soporte para creadores e artistas en distintos campos da industria cultural e creativa. Fomentarase a cultura dixital mediante distintas tecnoloxías innovadoras nos eidos da artes dixital, simuladores, realidade aumentada, representacións inmersivas do patrimonio natural e cultural, tecnoloxías innovadoras para videoxogos,.... No exercicio 2025 preténdese rematar a obra e abordar unha posible modificación (prevista no prego que rexeu a licitación) para a ampliación do espazo escénico do auditorio do Edificio Fontán.
- Solución edificatoria sobre a **estrutura baleira do Xardín Teatro**, ofrecendo unha integración arquitectónica e paisaxística, aliñados cos obxectivos estratéxicos da Cidade da Cultura, para a estrutura a media rematar sita no Xardín do Teatro, e que permitirá dispor de case 1.000 m2 útiles para espazos de apoio (almacéns, talleres) e creación, no exterior, dun xardín vertical.
- Proxecto de **mellora de eficiencia enerxética**, con proxección plurianual. Ao marxe de abordar a renovación fotovoltaica do Bosque de Galicia, afóndase na instalación de paneis solares sobre estruturas que, a súa vez, faciliten a mobilidade e accesibilidade aos distintos edificios do complexo. A instalación de 2.000 paneis solares sobre estruturas formando pérgolas que, ademais de servir de soporte, sirvan como paseos cubertos nos accesos desde os aparcadoiros. Estímase unha produción de máis de 3.600 Millóns de kWh ao ano, equivalentes aproximadamente ao 50% do consumo de enerxía da Cidade da Cultura de Galicia. Investimento que se estima poida ser amortizado en 4-5 anos.
- Proxecto de **reforma para a Central Térmica** do complexo, buscando a redución do consumo de gas natural mediante a instalación dunha nova caldeira de produción de auga quente, que utilice a biomasa como combustible. Estimase que a incorporación desta caldeira reducirá o consumo de gas nun 40-50%.
- Finalización no ano 2025 da **obra de captación e mellora da rede de auga**, dentro dos obxectivos da sostibilidade medioambiental. A instalación de auga para rega da CdC, que consume o 75% da subministración de auga, ten unha rede de distribución de auga separada do resto, de tal xeito que pode conectarse esta instalación a outra fonte de subministración de auga .No Parque do Lago da Cidade da Cultura de Galicia existe unha balsa de recollida de augas de escorrentía que ten unha capacidade de almacenamento de auga superior a 7.000 m3 que empregárase, finalizada as obras, para abastecer a instalación de rega dos aparcadoiros da CdC, para á que se estima unha demanda máxima diaria de 420 m3.

1.1.2. Medidas, actuación e indicadores

Eixe	4
Prioridade Actuación	PA 03.
Obxectivo estratéxico	E01
Obxectivo Operativo	0003



Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/INTERMEDIO	2025	2026	2027
OE01	ESTIMULAR A PRODUCCIÓN CULTURAL E DISTRIBUCIÓN	14.524.593	14.327.095	12.036.760
	TOTAL	14.524.593	14.327.095	12.036.760

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2025	2026	2027
0003	Desenvolver dende a CdC programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea, e impulsar unha estratexia de innovación no sistema cultural e creativo de Galicia	15.024.593	13.827.095	12.036.760
	TOTAL	14.524.593	14.327.095	12.036.760

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
01	EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS	180	190	220	NUMERO EVENTOS
02	ASISTENTES A ACTIVIDADES CULTURAIS	190.000	200.000	210.000	NUMERO DE PERSOAS
03	APOIO DIRECTO A CREACIÓN	30	30	30	NUMERO DE ACCIONS
04	PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	20	25	25	NUMERO DE PROXECTOS
05	PARTICIPACIÓN CON ARTISTAS EMERXENTES	70	80	100	NUMERO ARTISTAS EMERXENTES
06	XERACIÓN DE CONTIDOS	13	20	20	NUMERO DE INICIATIVAS
07	ACTIVIDADES DIDACTICAS	30	30	35	NUMERO DE ACTIVIDADES
08	DIVULGACIÓN MEDIOAMBIENTAL	10	10	10	NUMERO DE EVENTOS
09	DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO GALEGO	20	25	25	NUMERO DE EVENTOS
10	INTERNACIONALIZACIÓN	10	12	15	NUMERO DE ACCIONS
11	EVENTOS ALLEOS A ACCIÓN CULTURAL	500	500	600	NUMERO DE EVENTOS
12	OCUPACIÓN ESPAZOS CEM	75	90	100	PORCENTAXE OCUPACIÓN
13	ACCIONS NO CEM PARA INICIATIVAS E EMPRESAS	10	15	15	NUMERO DE ACCIONS
14	CAMPANAS PROMOCIÓN ACTIVIDADES EN REDES SOCIAIS	30	30	40	NUMERO DE CAMPANAS
15	SEGUIDORES EN REDES SOCIAIS	115.000	120.000	125.000	NUMERO DE SEGUIDORES
16	IMPACTOS LOGRADOS EN MEDIOS COMUNICACIÓN	1.900	2.100	2.200	COBERTURA E DIFUSIÓN ACCIONS COMUNICACIÓN
17	ROLDAS PRENSA E ACTOS PRESENTACIÓN CON MEDIOS	45	50	60	NUMERO DE ACTOS
18	USUARIOS BBDD PARA RECIBIR INFORM. ACTIVIDADES	18.000	19.000	20.000	NUMERO SUBSCRICIONS
19	TRAFICO ANUAL A WEB CIDADEDACULTURA.ORG	500.000	520.000	550.000	NUMERO ACCESOS
20	NOTAS DE PRENSA ENVIADAS A MEDIOS	90	100	100	NUMERO DE NOTAS PRENSA

1.2. Investimentos

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2025	CONCELLO
ACCESIBILIDADE UNIVERSAL	2.025	2.027	300.000	50.000	1538078
CAPTACIÓN AUGA E MELLORA REDE	2.024	2.025	160.000	80.000	1538078
CENTRO GALEGO DE ARTES DIXITAIS E MODIF.1	2.023	2.026	5.195.000	2.057.000	1538078
EFICIENCIA ENERXÉTICA: PANEIS SOLARES PASOS CUBERTOS	2.025	2.026	2.500.000	740.000	1538078
ELEMENTOS MUSEOGRAFICOS E ESTRUCTURAS EXPOSITIVAS	2.023	2.025	370.000	150.000	1538078
EQUIPOS AUDIOVISUAIS EVENTOS/EXPOS E APLICACIÓN	2.025	2.025	100.000	100.000	1538078
ESTRUTURA BALEIRA TEATRO	2.025	2.027	950.000	50.000	1538078
MELLORAS EQUIPAMENTOS MONTE GAIAS	2.024	2.025	135.000	75.000	1538078
OUTRAS (DOTACIÓN E EQUIP. DIXITAIS)	2.025	2.027	403.000	203.000	1538078
PROTECCIÓN SOLAR CEM	2.025	2.026	175.000	75.000	1538078
PROXECTO BIOMASA CENTRAL TÉRMICA	2.025	2.025	30.000	30.000	1538078
REMODELACIÓN CAFETERIA FONTÁN	2.025	2.025	30.000	30.000	1538078
RENOVACIÓN FOTOVOLTAICA BOSQUE DE GALICIA	2.025	2.025	35.000	35.000	1538078
RENOVACIÓN PAXINA WEB	2.025	2.026	150.000	25.000	1538078
REPARACIÓN FACHADA NORTE BAG	2.024	2.026	165.000	50.000	1538078
		TOTAL	10.698.000	3.750.000	



1.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.515.189	9.259.404	3.750.000
TOTAL	1.515.189	9.259.404	3.750.000

1.4. Previsións orzamentarias e financiamento

1.4.1. Previsión Orzamentos de explotación

1.4.1.1. INGRESOS

a) Ventas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2025	2026	2027
AXUDAS, PATROCINIOS E COLABORACIONES	1.450.000	1.450.000	1.450.000
INGRESOS ACTIVIDADES MERCANTIS	18.000	20.000	20.000
INGRESOS ACTIVIDADES PROPIAS (VENDA ENTRADAS)	60.000	50.000	50.000
INGRESOS PATRIMONIAIS	787.056	764.262	748.999
OUTROS INGRESOS	69.000	40.000	30.000
TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.390.537	8.717.834	9.062.762
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.750.000	3.285.000	675.000
TOTAL	14.524.593	14.327.096	12.036.761

b) Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
CONSELLERÍA CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	9.479.785	8.390.537	8.390.537
CONSELLERÍA PROMOCION EMPREGO E IGUALDADE	31.379		
TOTAL	9.511.164	8.390.537	8.390.537

1.4.1.2. GASTOS

a) Gastos de persoal

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Nº Empleados	31,7	28,5	32
Custo Total	1.350.305	1.286.372	1.515.189
Custo Medio	42.596	45.136	47.350

b) Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
621 ALUGUEIROS E RENTING	21.262	1.200	1.200	1.200	1.200
622 REPARACION/CONSERVACIÓN E MANTEMENTO XERAL	1.131.158	1.141.110	1.202.654	1.226.707	1.251.241
623 SERVICIOS PROFESIONAIS	220.714	180.567	133.326	109.473	111.662
624 TRANSPORTE	171.767	250.293	200.000	200.000	200.000
625 PRIMAS SEGURO	164.194	170.509	188.710	192.484	196.334
626 SERV. BANCARIOS	81	181	200	200	200
627 PUBLICIDADE/INFORMAC/ RR.PP.	812.022	783.618	769.610	785.003	800.703
628 SUBMINISTROS (AUGA, CONSUMOS ENERXÉTICOS...)	3.224.527	3.840.516	3.284.934	3.350.632	3.417.645
629 OUTROS SERVICIOS (PROG. CULTURAL, LIMPEZA, SEGURIDADE,...)	4.763.024	4.339.453	3.328.610	3.495.041	3.669.793
TOTAL	10.508.749	10.707.447	9.109.244	9.360.740	9.648.778



c) Amortizacións

DESCRIPCIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOB. INTANXIBLE	31.145	25.653	20.338
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOB. MATERIAL	6.700.082	6.522.609	6.492.690
TOTAL	6.731.227	6.548.262	6.513.028

1.4.2. Previsións Orzamento de Capital.

1.4.2.1. ORIXES

a) Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓN DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
AXENCIA MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA GALICIA	268.413		
CONSELLERÍA CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	2.821.634	4.250.000	3.750.000
TOTAL	3.090.047	4.250.000	3.750.000

b) Remanente de tesourería

	2023	2024
1. Fondos líquidos	1.688.155	1.518.468
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	19.300.337	18.106.251
Do orzamento corrente	19.300.337	18.106.251
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	4.681.228	3.138.479
Do orzamento corrente	4.681.228	3.138.479
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	16.307.264	16.486.240
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	16.307.264	16.486.240

1.4.2.2. Aplicacións

a) Adquisicións de inmovilizado non financeiro.

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
INMOBILIZADO INTANXIBLE	20.691	6.122	25.000
INMOBILIZADO MATERIAL	2.997.993	2.626.104	3.725.000
TOTAL	3.018.684	2.632.226	3.725.000

b) Adquisicións de inmovilizado financeiro

Non previstas

1.4.3. Financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación

A totalidade do orzamento de explotación financiarase cos ingresos propios da Fundación, sobre todo con ingresos patrimoniais e co denominado "Fondo Gaiás da Empresa Galega",

Aprobado en Padroado 19.12.2024

A secretaria

Vº e prace. O presidente 9



complementados coas subvencións á explotación con cargo á Xunta de Galicia, previstas no presente orzamento. As previsións de financiamento externo das necesidades de explotación son:

Transferencias correntes Xunta:

8.390.537,00 € (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

As aplicacións de capital financiaranse con cargo á subvención de capital outorgada pola Xunta de Galicia, de acordo coa seguinte distribución atendendo ao axente financiador:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: 3.750.000,00 €

Cumprindo cos obxectivos marcados, sen desviacións significativas nas distintas partidas, non existen dúbidas sobre a viabilidade financeira da Entidade, sen que se contemple achegar financiamento alleo, ausente, por outra banda, do balance da Fundación.



2.- ESTADOS FINANCEIROS. BALANCE, CONTA DE RESULTADOS E ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

Balance de situación Activo

Descrición	Real 2023	Estimado 2024	PREVISION 2025	PREVISION 2026	PREVISION 2027
A) Activo non corrente	221.400.102,00 €	216.484.065,74 €	213.721.037,27 €	211.587.816,02 €	205.643.342,45 €
I. Inmobilizado intanxible	51.883,00 €	32.352,15 €	37.014,19 €	141.785,25 €	101.674,59 €
1. Desenvolvemento					
2. Concesións					
3. Patentes, licencias, marcas e similares					
4. Fondo de Comercio					
5. Aplicacións informáticas	24.741,00 €	16.546,64 €	30.407,01 €	141.548,98 €	101.618,65 €
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso					
7. Outro inmobilizado intanxible	27.142,00 €	15.805,51 €	6.607,18 €	236,27 €	55,94 €
II. Bens do patrimonio histórico	889.622,00 €	1.085.621,52 €	1.235.621,52 €	1.235.621,52 €	1.235.621,52 €
1. Bens inmobles					
2. Arquivos					
3. Bibliotecas	338.487,00 €	338.487,00 €	338.487,00 €	338.487,00 €	338.487,00 €
4. Museos	551.135,00 €	747.134,52 €	897.134,52 €	897.134,52 €	897.134,52 €
5. Bens mobles					
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico					
III. Inmobilizado material	218.458.581,00 €	214.366.076,07 €	211.448.385,56 €	208.210.393,25 €	202.306.030,34 €
1. Terreos e construcións	206.745.129,00 €	202.572.344,32 €	197.715.422,94 €	198.423.000,04 €	194.618.578,18 €
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material	10.041.076,00 €	8.740.413,77 €	7.718.534,64 €	9.059.463,71 €	7.657.452,16 €
3. Inmobilizado en curso e anticipos	1.672.376,00 €	3.053.317,98 €	6.014.427,98 €	727.929,50 €	30.000,00 €
IV. Investimentos inmobiliarios	- €	- €	- €	- €	- €
1. Terreos					
2. Construcións					
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	2.000.016,00 €	1.000.016,00 €	1.000.016,00 €	2.000.016,00 €	2.000.016,00 €
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a terceiros					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	2.000.016,00 €	1.000.016,00 €	1.000.016,00 €	2.000.016,00 €	2.000.016,00 €
VII. Activos por imposto diferido					
B) Activo corrente	22.336.712,00 €	20.971.718,67 €	20.035.087,07 €	17.622.078,48 €	15.691.933,56 €
I. Existencias	151.755,00 €	145.000,00 €	145.000,00 €	145.000,00 €	145.000,00 €
1. Bens destinados á actividade					
2. Materias primas e outros aprovisionamentos					
3. Productos en curso					
4. Productos terminados	147.954,00 €	145.000,00 €	145.000,00 €	145.000,00 €	145.000,00 €
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados					
6. Anticipos a provedores	3.801,00 €				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	- 3.535,00 €	2.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	19.300.337,00 €	18.106.250,93 €	18.098.534,31 €	16.095.724,03 €	12.594.342,31 €
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		1.000,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	2.000,00 €
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas					
3. Debedores varios	122.398,00 €	105.250,93 €	97.034,31 €	94.224,03 €	92.342,31 €
4. Persoal					
5. Activos por impostos corrente	- €	- €			
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	19.177.939,00 €	18.000.000,00 €	18.000.000,00 €	16.000.000,00 €	12.500.000,00 €
7. Fundadores por desembolsos esixidos					
V. Investimentos financeiros a curto prazo	1.200.000,00 €	1.200.000,00 €	1.200.000,00 €	- €	1.500.000,00 €
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a empresas					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	1.200.000,00 €	1.200.000,00 €	1.200.000,00 €	- €	1.500.000,00 €
VI. Periodificacións a curto prazo		- €	- €		
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	1.688.155,00 €	1.518.467,74 €	588.552,76 €	1.378.354,45 €	1.449.591,25 €
1. Tesourería	1.688.155,00 €	1.518.467,74 €	588.552,76 €	1.378.354,45 €	1.449.591,25 €
2. Outros activos líquidos equivalentes					
TOTAL ACTIVO (A + B)	243.736.814,00 €	237.455.784,41 €	233.756.124,34 €	229.209.894,50 €	221.335.276,01 €



Patrimonio neto e pasivo

Descrición	Real 2023	Estimado 2024	PREVISION 2025	PREVISION 2026	PREVISION 2027
A) Patrimonio Neto	236.691.655,00 €	231.985.806,18 €	228.217.653,71 €	224.084.432,47 €	217.139.958,92 €
A-1) Fondos propios	40.361.997,00 €	39.698.759,22 €	38.834.771,45 €	37.969.255,97 €	37.116.981,52 €
I. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €
1. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €	61.170.484,00 €
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)*					
II. Reservas	- 822,00 €	- 822,00 €	- 822,00 €	- 822,00 €	- 822,00 €
1. Estatutarias					
2. Outras reservas					
III. Excedentes de exercicios anteriores	- 19.885.737,00 €	- 20.807.665,00 €	- 21.470.902,78 €	- 22.334.890,55 €	- 23.200.406,02 €
1. Remanente					
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)*	- 19.885.737,00 €	- 20.807.665,00 €	- 21.470.902,78 €	- 22.334.890,55 €	- 23.200.406,02 €
